

ACTA N° 31/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE XULLO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 13 de xullo de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 30/09, do 06/06 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 68/09 – D. ANDRÉS PENA GARCÍA presenta proxecto básico para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar situada Calvar, 92 Domaio (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo

S.L.P, sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez e o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado en data 16.04.09.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 9 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenzia por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non se iniciará a construción en tanto non se presente proxecto de execución. O proxecto cumpre coas Normas do Habitat Galego.

Non require informes sectoriais.

Se somete a licenzia o proxecto presentado coas enmendas nos planos AR-00 e AR-03 visados polo COAG en data de 3/07/2009.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 21 de maio de 2009 para Ordenanza 1

Se cede 18,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 360,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Se acredita a superficie das parcelas de 273,00 M/2 brutos mediante medición emitida polo técnico

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenzia se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo para recibir estas últimas polo Concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenzia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenzia aplícasele o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións.....	1.448,21 €
Taxas licenzia urbanística.....	129,30 €
Cartel obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 136/09 – D^a NORA MARTÍNEZ VERDEAL presenta proxecto para legalización de caseta para trastero, situado en Palmás, 217 Domaio (Moaña), de conformidade co proxecto redactado por Oficina Técnica Mallo-Gil SLP Arquitectura Técnica, sendo arquitecto técnico D. Francisco Mallo Lagoa, visado en data 26.06.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO:CONSTRUCCIÓN AUXILIAR PARA TRASTEIRO (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza do proxecto de legalización da construción auxiliar destinada a trasteiro de acordo coa documentación técnica presentada.

Procede legalización do expediente de reposición da legalidade 30/2008.

De acorde coa información proporcionada polo arquitecto técnico municipal non require a parcela de cesións por axustarse a mesma ao sistema viario das NN. SS de Planeamento Municipal.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións.....	98,53 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel obra	110,00 €

2.C) EXPTE. 17/09 – D^a M^a NURIA COSTA TRIGO e D. JUAN J. RIOBÓ SANTOMÉ presentan proxecto para a construción dunha piscina ao aire libre, situada en Couso, 66 Meira (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo S.L.P, sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez e o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado en data 16.04.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PISCINA (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza de acordo coa documentación técnica presentada.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo.

Obra xa executada.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións.....	126,02 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel obra	110,00 €

2.D) EXPTE. 81/09 – D^a SOLEDAD PÉREZ DEL RÍO presenta proxecto básico de rehabilitación de vivenda en planta primeira, situada en Calvar, 69 Domaio (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo

S.L.P, sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez e o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado en data 21.04.09.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 9 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenzia por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non se iniciará a construción en tanto non se presente proxecto de execución.

O proxecto cumpre coas Normas do Habitat Galego.

Non require informes sectoriais.

Se somete a licenzia o proxecto presentado coas enmendas nos planos AR-00 e AR-04 visados polo COAG en data de 3/07/2009.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 21 de maio de 2009 para Ordenanza 1

Se cede 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 00,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Se acredita a superficie das parcelas de 705,00 M/2 brutos mediante medición emitida polo técnico

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenzia se condiciona a ter rematadas as obras de edificación en prazo e facultada conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenzia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenzia aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	765,16 €
Taxas licenzia urbanística	68,32 €
Cartel obra	110,00 €

3.- PARCELACIÓNS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de

propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

3. A) EXPTE. 133/09 – D. MANUEL TÁBOAS SANTOMÉ presenta proxecto de parcelación de finca matriz de 758, 85 metros cadrados que se divide en tres parcelas descritas como 1, 2 e 3, con superficies respectivas de 212,70; 354,05 e 192, 10 metros cadrados respectivamente, sita en Paradela, 28 (Moaña), de conformidade co proxecto presenado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yañez, visado na data 19.06.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal de data 9 de xullo de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza de parcelación de acordo coa documentación técnica aportada.

Parcelación de finca matriz en solo urbano de ordenanza 1 según as NN.SS de Planeamento Municipal de acordo co proxecto visado polo COAAT con data de 19 de xuño do 2009 enmendado o plano nº 3 visado con data de 8 de xullo.

Finca matriz de 758,85 M/2 que se divide en tres parcelas descritas como 1, 2 e 3 con superficies respectivas de 212,70; 354,05 e 192,10 metros cadrados respectivamente.

Liquidación provisoria de tributos

Taxas licenza urbanística 95,00 €

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Vista a petición formulada pola Consellería de Economía e Industria, nº de expediente IN407A 2009/239-A, cuxo solicitante resulta ser Unión Fenosa Distribución S.A., para a instalación eléctrica da obra denominada LMTS CTC CAMPO DE GOLF DOMAIO.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de xullo de 2009, que literalmente di:

INFORME:

En relación coa petición formulada pola Consellería de Economía e Industria, **nº de expediente IN407A 2009/239-4**, cuxo solicitante resulta ser Unión Fenosa Distribución, S. A., este Concello de Moaña, non opón considerando algún.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Economía e Industria.**

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE E MAR	Aluguer carpas festas gastronómicas	INSTALACIONES ARTÍSTICAS MANOLO S.L	7510-20202 RC 1156	5.684,00 €
INTERVENCIÓN	Material de oficina (carpetas intervención)	GRÁFICAS RÍAS BAIXAS	6110-22000 RC 1151	139,20 €
ADMÓN. XERAL	Material de oficina (folios membrete)	GRÁFICAS RÍAS BAIXAS	1210-22000 RC 1155	307,40 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.-GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2009, que literalmente di como segue:

“ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, suministro de auga, recollida de lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica e consumo de auga, as seguintes facturas:

Unión Fenosa Distribución S.A	2409062145388	119,08 euros
Aqualia Gestión Integral del Agua S.A	139410PO012229	17,39 euros

Na súa consecuencia propoño: **recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE, CB., por importe de 119,08 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3130 22100, correspondente ao período 20.05.09 a 18.06.09, e de 17,39 euros, en**

concepto de consumo de auga con cargo á partida orzamentaria 3130 22109, correspondente ao 2º trimestre do 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento das obrigas por importe de 119,08 euros e 17,39 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de enerxía eléctrica e consumo de auga do clube xubilados de Meira, correspondente ao período 20.05.09 a 18.06.09, con cargo ás partidas 3130 22100 RC 1157 e 3131.11109 RC 1158 respectivamente

7.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL ARRENDAMENTO CASA PAZÓ RELATIVO AOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2008

Vista a relación de facturas xustificativas de gastos no exercicio 2008 pendentes de recoñecemento achegadas polo Sr. Conselleiro de Facenda, que consta co informe favorable do interventor do 13 de xullo de 2009, por importe acumulado de 1.087,86 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

ÚNICO: Aprobar mediante o recoñecemento extrajudicial de créditos e así recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas xustificativas de gastos de ISLAS ATLÁNTICAS, por importe total de 1.087,86 euros, relativas ao arrendamento da Casa Pazó pertencentes aos meses de outubro, novembro e decembro de 2008, con cargo á partida 3130-20200 RC 1240.

8.- LIQUIDACIÓN PROVISIONAL RECLAMACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA (RETENCIONS IRPF PERSOAL ANO 2007)

Visto o informe do 13 de xullo de 2009 do departamento laboral sobre a reclamación da Axencia Tributaria, que literalmente di:

De acordo coa Notificación de Resolución con Liquidación Provisional achegada pola Axencia Tributaria, o Departamento Laboral de La Social, S.L., informa:

Que unha vez feitas as comprobacións oportunas e o recurso á Axencia Tributaria, se constata que a reclamación afectuada por esta é correcta, xa que había un erro no cálculo das retencións do IRPF.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga e que se ordene o pago por importe de 848,90 €.

9.- PROGRAMAS DE CAMPUS DE VERÁN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Vista a proposta do coordinador de Cultura, que di:

O Concello de Moaña forma parte do programa de campus de verán da Universidade de Santiago, cos seguintes cursos:

INMUNOLOXÍA NA SOCIEDADE

Datas: de 7 a 10 de xullo

Lugar: Aula Magna IES As Barxas (Moaña)

Nº de horas lectivas: 32

Director: Oscar J Cordero Santamaría

Secretario: Rubén Varela Calviño

Límite de alumnos: 220

PROGRAMA

7 de xullo

9:15 Inauguración do curso

9:30

Perspectiva histórica dos Servizos de Inmunoloxía. O caso de Santiago de Compostela
Juan Viñuela Roldán, facultativo especialista de área no Servizo de Inmunoloxía. Hospital Clínico de Santiago (CHUS)

10:30

Perspectiva histórica do Servizo de Inmunoloxía do Hospital Ramón y Cajal de Madrid:
neuroinmunología
José Gómez Rial, investigador no Servizo de Inmunoloxía. Hospital Clínico de Santiago (CHUS)

11:30 Descanso

11:45

Importancia da Inmunoloxía no transplante de órganos: Papel da histocompatibilidade
Manel Juan Otero, xefe da sección de inmunopatoloxía no Servizo de Inmunoloxía. Hospital Clínic de Barcelona

12:45

Inmunoloxía das mucosas. Patoxénese das enfermidades inflamatorias do tubo dixestivo,
diagnóstico e terapia
Eduardo Arranz, profesor contratado, Área de Inmunoloxía, Instituto de Bioloxía e Xenética Molecular, CSIC-Universidade de Valladolid

13:45 Descanso

15:30

Inmunoloxía das enfermidades alérxicas: patoxénese, diagnóstico e terapia
Carmen Marcos Bravo, xefa da Sección de Alergoloxía. Hospital Xeral de Vigo (CHUVI)

16:30

Inmunoloxía das enfermidades reumatoides: Patoxénese, diagnóstico e terapia
José María Pego Reigosa, facultativo especialista de área no Servizo de Reumatoloxía.
Hospital Meixoeiro de Vigo (CHUVI)

17:30 Descanso

17:45

Mesa redonda

8 de xullo

9:30

Perspectiva histórica dunha biotech multinacional. Genentech, Lonza e os anticorpos como medicina (título por confirmar)

Adolfo Domínguez, director de MSAT. Lonza Biologics Porriño

10:30

Immunostep: spin-off da Universidade de Salamanca. Aplicacións dos anticorpos a medida Conferenciante por confirmar. Immunostep SL, Salamanca

11:30 Descanso

11:45

Progenika. Lanzamiento de Proteomika, anticorpos para o diagnóstico

Laureano Simón Buela, consejero delegado de Progenika Biopharma SA, Biscaia

12:45

Nanoimmunotech: Unha nova spin-off da Universidade de Vigo. Servizos de “control de calidade inmunolóxica”

Cristian Sánchez Espinel, socio promotor. Nanoimmunotech, Vigo

13:45 Descanso

15:30

Araclon Biotech. ¿Unha vacina para o Alzheimer?

Pilar de la Huerta, asesora estratéxica. Araclon Biotech, Zaragoza

16:30

Requisitos que debe cumprir unha vacina comercial. O caso da vacina para a enfermidade da lingua azul.

Juana Doce Cebreiro, xefa de asuntos regulatorios no Departamento de I+D. CZ Veterinaria, Porriño

17:30 Descanso

17:45

Mesa redonda

9 de xullo

9:30

Ferramentas para a detección precoz do cranco

María Páez de la Cadena Tortosa, profesora titular da Área de Bioquímica, Departamento de Bioquímica, Inmunoloxía e Xenética. Universidade de Vigo

10:30

Avances no estudo das células B, precursoras das productoras de anticorpos

Patricia Barral, investigadora postdoctoral no Lymphocyte Interaction Lab. London Research Institute, Cancer Research UK

11:30 Descanso

11:45

Avances na investigación da tuberculose

Rui Appelberg, catedrático de Bioloxía Molecular (Instituto de Ciencias Biomédicas Abel Salazar de la Universidade de Porto) e Investigador principal del Laboratorio de Microbioloxía e Inmunoloxía da Infección. Instituto de Biología Molecular e Celular de Porto

12:45

Avances na produción de anticorpos

África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía, Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía. Universidade de Vigo

13:45 Descanso

15:30

Avances en la investigación de la diabetes tipo 1

Mark Peakman, catedrático de Inmunoloxía, Departamento de Inmunobioloxía. King's College, Londres

16:30

La migración leucocitaria, punto crítico de las respuestas inmunológicas e inflamatorias

Francisco Sánchez Madrid, catedrático de Inmunología, Universidad Autónoma, jefe de Sección de Inmunología, Hospital de La Princesa y responsable de Investigación del Centro Nacional de Investigaciones Cardiovasculares, Madrid

17:30 Descanso

17:45

Mesa redonda

10 de xullo

9:30

¿Inmunidade vexetal? Sistemas de defensa natural das plantas: o caso da vide

José Ramón Vidal, investigador Ramón y Cajal no Departamento de Fisioloxía Vexetal, Universidade de Santiago de Compostela

10:30

Inmunoloxía comparada dos moluscos

Antonio Villar García, investigador na Área de Patoloxía. Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), Vilagarcía de Arousa

11:30 Descanso

11:45

Ferramentas inmunolóxicas para a acuicultura

Daniel Pérez Estévez, investigador, Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía. Universidade de Vigo

12:45

Inmunoloxía comparada dos peces

Jesús Lamas Fernández, profesor titular do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía.
Universidade de Santiago de Compostela

13:45 Descanso

15:30

Utilidade das vacinas para peces en acuicultura

Ysabel Santos Rodríguez, profesora titular do Departamento de Microbioloxía.

Universidade de Santiago de Compostela

16:30

Inmunoloxía comparada de mamíferos. Aplicacións ó diagnóstico veterinario

María Isabel Quiroga Bardeal, profesora titular do Departamento de Ciencias Clínicas
Veterinarias. Universidade de Santiago de Compostela

17:30 Descanso

17:45

Mesa redonda

19:00 Clausura do curso

HISTORIA DA PESCA DO BACALLAU NO SÉCULO XX: AUXE E DECLIVE DUNHA PESQUERIA

Datas: do 20 ao 22 de xullo de 2009

Lugar: salón de actos do IES As Barxas (Moaña)

Nº de horas lectivas: 30

Director: Jesús Giráldez Rivero

Secretario: Manuel Pérez Rúa

Límite de alumnos/as: (sen límite)

Luns, 20 de xullo

9:30. Inauguración do curso

10:00.

“O bacallau na alimentación da poboación galega”.

Xavier Castro: Catedrático de Historia na USC.

12:00.

“Os galegos en Terranova, séculos XVI-XVIII”.

Caroline Menard, doutora en historia contemporánea pola USC.

17:00

Actividade: visita comentada á factoría de Fandicosta de Domaio (Moaña) e degustación de variedades elaboradas con bacallau.

Martes, 21 de xullo

10:00

“Fronteiras e follas de bacallau. Galicia e o comercio de bacallau (1900-1975)”

Carmen Espido Bello: profesora titular do Departamento de Historia e Institucións da USC.

12:00

“Cara a Terranova. O desenvolvemento da pesca do bacallau en Galicia (1920-1975)”.

Jesús Giráldez Rivero, profesor de Historia e Institucións Económicas na USC.

16:30

“Relatos de mar e vida: fotografía e historia cotiá da pesca do bacallau”.

Manuel Pérez Rúa: Sociólogo e fotógrafo

18:00

Actividade: visita ao Museo Massó de Bueu.

Mércores, 22 de xullo

10:00

“A pesca do bacallau en Portugal (1950-2000): unha visión xeral”

Alvaro Garrido: profesor de historia económica na Universidade de Coimbra e director do Museo Marítimo de Ílhavo.

12:00.

“A perda de Terranova: o declive da pesquería do bacallau no último cuarto do século XX”.

Manuel Varela Lafuente: catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo.

16:30

Mesa redonda: Familias do bacallau.

20:00

Clausura do curso

ESPECIFICACIÓNS DOS CURSOS

O Concello de Moaña aporta á USC a cantidade de 4500 € / curso, o que fai un total de 9.000 €.

O orzamento confirmado dos cursos, na parte orgazativa que compete ao Concello de Moaña é o seguinte:

Asociación sociocultural Enredos (apertura e peche do IES, atención aos participantes, etc.): 1.460 € (860 € curso inmunoloxía, 600 € curso bacallau)

Autocares Benito García: 450 € (desprazamento a Fandicosta, 180 €, desprazamento museo Massó, 270 €)

Estamparte (deseño e impresión papelería, trípticos, carteis, carpetas, etc.): 1919,60 €

Elaboración de comida a base de bacallau: 600 €

Solicitamos da Xunta de Goberno Local a aprobación da actividade e posterior pagamento das cantidades citadas, tendo en conta así mesmo que parte da actividade organizada pola USC de Santiago nos cursos de Moaña, sen pasar do límite dos 4.500 € por curso, será aboada polo Concello de Moaña previa presentación polos interesados dos correspondentes xustificantes ou facturas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar exclusivamente o programa dos cursos que arriba se citan.

10.- AUTORIZACIÓN DE ENDOSO “INTAPYR, S.L.” DA FACTURA Nº 14 DE DATA 10.06.2009

Dáse conta da solicitude de endoso do representante da empresa INTAPYR, S.L., D. Alfredo Fontela Bar, con DNI 36.048.308, correspondente á factura nº 14 de 10.06.09 por un importe de 26.986,24 € da obra denominada “Instalación Depuradora de Augas Residuais Mediante Filtro de Macrofitas en Flotación no Beque”, operación aceptada pola entidade BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o endoso da factura nº 14 de 10.06.09 da obra denominada “Instalación Depuradora de Augas Residuais Mediante Filtro de Macrofitas en Flotación no Beque”, por un importe de 26.986,24 € emitida por INTAPYR, S.L., a favor de BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A., (sucursal de Vigo, URB. 6 – BG, sita en Ribeira do Berbés, nº 17), con nº de conta 0075 8937 41 0500108150.

11.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA “SUSTITUCIÓN DE PAVIMENTO E ACONDICIONAMENTO DE PISTA POLIDEPORTIVA NO PABILLÓN DE O ROSAL”

Dáse conta do plan de seguridade e saúde presentado pola CONSTRUCTORA EDISERPO S.L, para a substitución de pavimento e acondicionamento da pista polideportiva no pabellón de O Rosal, asinado polo autor do proxecto D. Aquilino Aguete Estévez, técnico superior de prevención da CONSTRUCTORA EDISERPO S.L,

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda a aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de “Substitución de pavimento e acondicionamento de pista polideportiva no pabellón do O Rosal”.

12.- PROGRAMA DE XIMNASIA PARA AS PERSOAS MAIORES CURSO 2009-2010

Dáse conta da proposta presentada pola animadora sociocultural D^a. María Elena García Lorenzo, en data 8 de xullo de 2009:

1. Aproba-lo comezo das clases de ximnasia para as persoas maiores o xoves 1 de outubro de 2009 ata o 30 de xuño do 2010.
2. Aproba-la cuota mensual de 5 € aos participantes. O pagamento efectuarase no Departamento de Recadación do Concello para as aulas de: Fanequeira, Meira, Local do Clube de Pensionistas o Carme, O Real, Sabaceda, Broullón, Abelendo, Tirán, Verducedo.

3. Aproba-lo pagamento da cuota dos 5 € en Caixanova de Domaio para os participantes da aula de ximnasia de Domaio (este ingreso farase á conta bancaria que este Concello ten en Caixanova).
4. Aprobar que sexa a animadora sociocultural a que traslado directamente ao Departamento de Recadación do Concello o listado de inscritos nas distintas aulas de ximnasia, así como as altas e baixas ao longo do ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas presentes, acorda aprobar a proposta presentada pola animadora sociocultural para o programa de ximnasia para as persoas maiores curso 2009-2010.

13.- RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS Á FEDERACIÓN DE ANPAs “ARCO DA VELLA” PARA O FINCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES.

A Alcaldía dá conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO DE OBRIGA COA FEDERACIÓN DE ANPAs “ARCO DA VELLA”

Con data 11 de agosto de 2008 a Xunta de Goberno Local acordou conceder á Federación de ANPAs “Arco da Vella” unha subvención de 30.000,00 para contribuír ao financiamento dos comedores escolares xestionados por dita federación. O 16 de setembro asinouse o convenio entre as partes que formalizou o acordo.

O 2 de outubro de 2008 recoñeceuse a obriga e procedeuse ao pagamento de 15.000,00 en concepto de 50% por cento inicial, nos termos establecidos no convenio. O 30 de decembro recoñeceuse mediante resolución da Alcaldía a cantidade restante. Non obstante, por un erro de contabilización, a cantidade recoñecida non foi incorporada no peche do exercicio orzamentario.

Tendo en conta que o incumprimento por parte do Concello do convenio asinado en 2008 suporía un importante quebranto económico para o servizo de comedores escolares; visto o informe da Intervención Municipal de data 13 de xullo de 2009, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Resolver o reparo da Intervención Municipal por considerar suficientemente acreditado o gasto realizado pola Federación de ANPAs ao abeiro do convenio asinado e as obrigas contraídas con respecto á Administración.
- 2.- Recoñecer a obriga por importe de 15.000,00 €, á Federación de ANPAs “Arco da Vella”, en concepto de 50% restante da axuda ao funcionamento dos comedores escolares do ano 2008, mediante recoñecemento extraxudicial de créditos, imputando o gasto á partida 4220.489.03.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos.

14. XUSTIFICACIÓN FINAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2008: PROGRAMAS DE ATENCIÓN AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS E COMEDORES. REFORZO SERVIZOS ADMINISTRATIVOS.

Vista a proposta da Alcaldía de 10 de xullo de 2009 que literalmente di:

Rematadas o pasado 3 de xuño de 2009 as obras ou servizos “**Programa de Atención a Bibliotecas Públicas e Comedores Escolares**” e “**Reforzo de servizos administrativos**” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola técnica local de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións e do contido na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2008, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación das citadas obras ou servizos para enviar xustificación final das mesmas á Consellería de Traballo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación das obras ou servizos “**Programa de Atención a Bibliotecas Públicas e Comedores Escolares**” e “**Reforzo de servizos administrativos**” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Programa de atención a Bibliotecas Públicas e Comedores Escolares.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (I. Por cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
55.586,16	56.504,06	-917,90	889,20	57.393,26

Reforzo de Servizos Administrativos.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (I. Por cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
48.207,42	49.046,47	-839,05	767,56	49.814,03

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 2 de agosto de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía de 10 de xullo de 2009, referente á xustificación final CC. LL 2008 do “Programa de Atención a Bibliotecas Públicas e Comedores Escolares” e “Reforzo de Servizos Administrativos”

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.